

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

## **Acta da sesión ordinaria do pleno nº 11/16**

**Data 13-10-2016**

***Acta anterior 27-09-2016***

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

## Asistentes:

### Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

### Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D. José David Pintor Pazo

D. José Emilio Mahía Neira

D. Jesús Gómez García

D. José Antonio Cotos Seoane

-D<sup>a</sup>. Marta García Sánchez

### Concelleiros non asisten:

D<sup>a</sup> María del Carmen Torreiro Cotos

### Secretario.

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

## Acta pleno 11/2016

### Acta da sesión ordinaria celebrada polo pleno deste concello o día trece de outubro de dous mil dezaseis.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas e dous minutos do día trece de outubro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, réunese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Hai inicialmente 2 cidadás presentes en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente indica que esta sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao

tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

### **1.- Aprobación de actas anteriores (00' 28")**

A continuación o alcalde informa das actas do pleno remitidas para a súa aprobación dende as últimas presentadas, quedando aprobadas por unanimidade dos asistentes as actas nº 7, 8 (sorteo) e 9 (sorteo). Queda pendente de aprobación por non a ter recibido a totalidade dos concelleiros a acta nº 10.

### **2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local. (01' 09")**

O alcalde dá conta das actas remitidas da Xunta de goberno local, ata a número 19, do 16-09-2016, incluída.

A concelleira do BNG Marta García Sánchez informa de que non recibiu os anexos da acta número 18, acordándose remitirlos e quedando a mencionada acta pendente de aprobación, aprobándose por unanimidade as demais.

### **3.- Operación de tesourería 02/15. (02' 21")**

A continuación o alcalde explica a necesidade desta operación de tesourería, que deriva dos desfases entre gastos e ingresos derivados das subvencións, especialmente as da Xunta de Galiza. Referíndose especialmente á obra de camiños incluída no Plan Marco (sobre 85.000,00 euros) e ás nóminas da brigada de incendios (sobre 27.000,00 euros) e outros. Engade que con cada subvención que teñamos que pagar por adiantado teño pensado facer un escrito pedindo que o pago se realice

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

no prazo máximo de un mes dende a xustificación e que a idea é ir pechando a operación a medida que se vaian recibindo as subvencións.

Indica tamén que a operación proposta está informada favorablemente pola Comisión especial de contas con tres votos a favor (PP) e unha abstención (BNG) e que a única proposta presentada foi realizada por Abanca, téndose pedido ofertas a tres bancos, explicando as condicións e o importe que é de 100.000,00 euros.

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane opina que o que sucede é que o concello non dispón de liquidez

Transcorridos 06' 27" procédese a votación da proposta, adoptándose por 6 votos (PP) a favor e 2 abstencións (BNG), os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Adxudicar a concertación da operación de tesourería nº 02/2015, coa entidade Abanca, sendo as condicións da operación as seguintes:

Importe.....	100.000,00 euros
Prazo.....	12 meses
Liquidación.....	trimestral
Tipo de interese fixo.....	Euribor 3 meses + 0,91 puntos
Prazo.....	1 ano
Comisións apertura.....	0%
Apertura, estudo, non dispoñibilidade.....	0%

**SEGUNDO.** Notificar o presente acordo ao adxudicatario.

## **4.- Rogos e Preguntas** (07' 00")

### **A/ Preguntas presentadas por escrito**

O alcalde constata que non hai preguntas presentadas por escrito.

### **B/ Rogos e Preguntas realizadas directamente no pleno** (07' 04")

#### **A/ Pista en Xafeita** (07' 06")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta ao alcalde se se ten pensado amañar a pista de Xafeita, nun tramo en que hai unha cuneta moi profunda, fronte á casa de Manolo, contestando o alcalde que o veciño afectado nunca pediu nada por escrito pero si nos ten informado do problema. No estudo vimos que había máis problemas na pista mencionada e outras polo que estamos facendo un orzamento e pendentos de contratar para amañalas non só para ese veciño senón para todos os veciños do lugar.

#### **B/ Campo da festa de Vilasantar** (09' 03")

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta pola situación da toma de auga no Campo da festa de Vilasantar propoñendo que se instalen dúas tomas de auga, unha a cada beira da pista para evitar ter que pasar unha manguera que atravesase a pista e que substitúan á que hai agora, que non presta bo servizo.

Contesta o alcalde que non será unha obra moi importante, sempre que se leve pola herba, sen furar a pista. Nese caso, e logo de pedir informes, espera poder facer pronto, antes do quince de novembro que é cando marchan os peóns. A continuación prodúcese un debate entre José A. Cotos e o alcalde sobre as características da obra, mostrándose de acordo ambos na instalación das dúas tomas de auga e en facer uns buratos para facilitar a colocación da carpa, acordándose pedir un orzamento.

## C/ Cota municipal da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) (12' 27")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane comenta os problemas que están a ter as comisións de festas coa SGAE e a posibilidade de facerse cargo das cotas o concello e facer unha tarifa plana para todo o concello, indicando que a tarifa estaría sobre os 1.355 euros e poderíanse incluír todas as comisións de festas, con efectos dende o vindeiro ano. Menciona algúns concellos como Irixoa e Coirós que xa o fan.

Tras un breve debate o alcalde indica que lle parece unha cantidade pequena, pero que hoxe non se vai tomar ningún acordo quedando para o próximo pleno.

## D/ Alumeado público de Présaras (16' 07")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane comenta que o alumeado público de Présaras ten pouca potencia e vese mal.

O alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández, explica como foi a realización da obra, que fora subvencionada polo Inega. Dende que se rematou a obra subímoslle a luminosidade. Que certamente a visibilidade non é moi boa, pero é unha obra aprobada polo Inega, coa mesma subvención, por certo, que tivera Boimorto e que eles perderon por falta de luminosidade.

## E/ Palabras do alcalde nun acto público en Curtis sobre unha familia do concello. (19' 04")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta ao alcalde por unhas palabras que dixo onte nun acto público en Curtis sobre unha familia de Cezar.

O alcalde, Fernando Pérez Fernández contesta que non dixo nada en contra de ningunha familia, que o que fixo foi agradecer á garda civil o seu traballo no problema que houbera en Cezar e a pesar das críticas que houbera contra eles e tamén contra min e a equipa de goberno.

Prodúcese un breve debate e, finalmente, o alcalde comenta que, despois das moitas críticas, sóubose que a familia ía ver ao desaparecido, ao tempo que o estabamos buscando, o que non parece ben. Diante disto eu, onte, agradecinlle á garda civil o traballo feito.

Marta García Sánchez intervén para indicar que, polo que sabe, a familia foi velo unicamente o venres

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

para intentar traelo e que o luns, en canto puido por tanto, díxoo no xulgado. En canto ao seu partido, o BNG, non soubemos disto ata que nolo dixeron. A preguntas do alcalde di que está segura do que está a dicir (como me chamo Marta), contestando o alcalde que estaba seguro (como me chamo Fernando) que o foran ver cando menos unha semana antes, en concreto un domingo o que nega Marta.

A continuación o alcalde do concello ratifícase no xa dito, que se limitou a agradecer a garda civil o traballo feito e o concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane comenta que no acto había xente da familia e que non lles pareceu ben o que dixo o alcalde que hai que ter respecto.

O alcalde contesta que cre que non lle faltou o respecto a ninguén e, tras un breve debate di que se alegra de que aparecera, dando por rematado o estudo deste punto.

## F/ Subir plenos á páxina web (27' 27")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta se se poderían subir os plenos á páxina web, contestando o secretario, de orde do alcalde, que si.

## G/ Protección de datos no Rexistro de Entrada (28' 12")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane di que hai algunhas entradas do rexistro que despois saen á luz pública e a Lei de protección de datos é clarísima. Pregunta ao goberno se ten algo que dicir ao respecto.

O alcalde pregunta ao concelleiro se pode dicir a cales entradas se refire, contestando el que non pode dar nomes porque non vén a nada dalos, pero que hai escritos que entran no Rexistro e despois serven de comentarios por aí.

O alcalde pídelle ao concelleiro interpelante que aclare cal é a pregunta, contestando este que a pregunta é quen pasa a información e que a Lei de protección de datos é clarísima.

A concelleira do BNG, Marta García Sánchez intervéen para dicir que se ela vén presentar unha queixa por calquera cousa, por qué aos dous días ou o día seguinte ou tres, sabe todo Présaras que a presentou e veñen botarme en cara telo feito?, e pregunta, como saben que a presenteí?

O alcalde do concello di que non entende o sentido da pregunta, que non sabe a que tipo de información se refiren, poñendo Marta García Sánchez o exemplo de que se ela vén presentar unha queixa por un bache reclamando o seu amaño e me vén alguén botando en cara presentalo, como sabe esa persoa que eu presenteí o escrito?

O alcalde, Fernando Pérez Fernández dille que entende o que quere dicir, pero se non son máis explícitos non pode responder, indicando Marta que isto é que hai alguén no concello que o comenta. Fernando Pérez Fernández di que o que pode facer é falar coa oficina para lembrarlles que hai que ter coidado co Rexistro de entrada polo tema da protección de datos, que non pode saír nada de alí, contestando José A. Cotos Seoane que esa resposta é a que el quería oír, e aclarando que a súa queixa non é polo alcalde nin pola equipa de goberno nin por outras persoas, senón pola oficina.

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

O alcalde do concello informa que o Rexistro de entrada, despois pásanllo a el e que el, despois, llo pasa ao secretario, que é quen o reparte entre o diverso persoal, e que xa se fai así dende hai cinco anos. Agora se é certo o que estades a dicir, interrompendo José A. Cotos Seoane que “como o día que hai”.

O alcalde di que a acusación é forte e que se José A. Cotos cre que é certo habería que demostralo e que dende logo, el vai falar co persoal do Rexistro de entrada.

O alcalde pregunta directamente ao secretario se alguén pode sacar información da oficina a partir dun Rexistro de entrada, contestando este que non, e que calquera escrito dunha queixa o normal é que finalmente pase polo alcalde, o secretario, o técnico e a Xunta de goberno local e vai aparecer o nome da persoa, aproveitando para lembrar a aplicación da mencionada Lei de protección de datos en todo o proceso e tamén sobre os datos que aparecen na Xunta de goberno local, que non é pública.

Os concelleiros do BNG rematan dicindo que iso é o que querían que quedase claro.

## H/ Forma de avisar de avarías (35' 20")

A concelleira do BNG, Marta García Sánchez pregunta se os avisos de avaría téñense que presentar persoalmente por escrito. Concreta que se refire a unha queixa que lle prantexou persoalmente ao alcalde sobre un burato e que o burato segue alí.

O alcalde contesta que xa falou co veciño máis afectado, que se vai facer unha obra de asfaltado e se aproveitará para tapalo.

O alcalde contesta a pregunta concreta que a maneira oficial de facer a queixa, e para que quede constancia, é o Rexistro de entrada.

## I/ Obras no Ceip de Présaras (37' 11")

A concelleira do BNG, Marta García Sánchez pregunta cando se van facer as obras do CEIP de Présaras, engadindo que as datas ideais serían as vacacións dos nenos.

O alcalde contesta que claro que serían as datas ideais, pero que as datas dependen das condicións de subvención da deputación.

A concelleira do BNG, Marta García Sánchez comenta que, sen embargo, vós pedichedes unha prórroga na Xunta de goberno local, contestando o alcalde que si, como a maioría dos concellos, que cambiou a forma de contratar polos novos pregos da deputación que enlentece os trámites. Que en calquera caso a obra hase de facer nunha semana ou dúas.

## J/ Gastos emerxencia social (39' 27")

A concelleira do BNG, Marta García Sánchez comenta que dicides que sobran cartos para a emerxencia social pero nunha Xunta de goberno local deixáchedes unha solicitude pendente, contestando o alcalde que a Asistente social confirmou que hai cartos e ese caso vaise reconsiderar, que quedan neste momento sobre 2.000,00 euros.

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

A concelleira do BNG, Marta García Sánchez pregunta por que este quedara excluído, en abril, e a partir deste seguironse pagando outras solicitudes de emerxencia, contestando o alcalde que a solicitude era para sacar un carné de conducir, segundo lembra, e que quedara pendente de estudar cara a fin de exercicio se había fondos ou non. Agora a asistente social confirmanos que vai habelos.

## K/ Cantos administrativos levan o padrón de habitantes (42' 10")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta cantos administrativos levan o padrón de habitantes, contestando, de orde do alcalde, o secretario que se leva a través dun programa da deputación provincial e o manexa calquera das persoas que están na oficina.

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta cantos administrativos levan o padrón a efectos de efectuar o sorteo das mesas electorais, contestando, de orde do alcalde, o secretario que ese programa só o manexa unha persoa e ten que ser unicamente no seu ordenador, manifestando José A. Cotos que debería de haber mais encargados, por se esa persoa falla.

## L/ Lista de espera en Axuda a domicilio (44' 05")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane comenta que a Asistente social deste concello fai poucas visitas aos usuarios, contestando o alcalde que esa será a opinión do concelleiro que non comparte. José A. Cotos pregunta como actúa o concello cando hai unha emerxencia, indicando que se pon á cola (referise ao servizo de axuda a domicilio), contestando o alcalde que hai unha ordenanza. E a solicitude do particular e con informe da asistente social. Agora mesmo creo que hai tres ou catro persoas en lista de espera.

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta que se fai se hai unha emerxencia e se se saltaría a lista, contestando o alcalde que si.

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane comenta que el non e quen para valorar se nun caso (que non cita) hai unha emerxencia ou non, que dende fóra parece que si, e que non houbo visita senón que se puxo a cola, contestando o alcalde que seria necesario concretar o caso e que non se debe de xogar sucio e volve a explicar o proceso regulamentario e as dificultades do concello para levar o servizo directamente como está a facer. A continuación fai unha defensa da prestación directa dos servizos, indicando que cando levas un servizo de forma directa, como o servizo de Augas, vai ser máis barato pero tamén dá crebadeiros de cabeza, como a falta de preparación técnica ou avarías en domingos ou fóra de horario.

## M/ Aparcadoiros (49' 09")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta se a obra de tapar o empozamento que había nos aparcamentos de abaixo vai quedar así, contestando o alcalde que espera que non, que certamente xa non hai empozamento pero que non lle parece ben feito e queixouse ao director da obra

Transcorridos 50' 48" o alcalde do concello roga aos concelleiros que fan preguntas que procuren facelas por escrito, como se ten quedado en plenos anteriores, pois así podería traelas preparadas, e senón non

# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

pasa nada que se responderan no pleno seguinte

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levanta a sesión sendo as trece horas e cincuenta e catro minutos (duración de 51' 54"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.  
O alcalde.

O secretario.

Asdo. Fernando Pérez Fernández

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.